

CIENCIAS NATURAIS 4º: OS ECOSISTEMAS (repasso tema 2)

Busca información en GOOGLE sobre O DESERTO DE TABERNAS.

A CONTINUACIÓN FAI ESTAS ACTIVIDADES NA TÚA LIBRETA:

1. En que provincia española está o deserto de Tabernas?

2. É un ecosistema natural ou artificial?

3. O deserto de Tabernas está atravesado por numerosos camiños e por moitas estradas que comunican unhas cidades con outras. Son estas vías e comunicacións parte dun ecosistema natural? Por que?

4. Un dos desertos máis cálidos do mundo é o deserto do Sáhara, en África. Tendo en conta o relevo, a flora e a fauna, escribe en que se parecen e tamén en que se diferencian o deserto de Tabernas e o deserto do Sáhara.

5. O dromedario é un dos animais máis representativos do deserto do Sáhara. É vivíparo ou ovíparo? Explica por que.

6. No deserto de Tabernas pódense atopar diferentes especies animais. Escribe V (vertebrado) ou I (invertebrado):

*araña ----- cobra de escada ----- alacrán ----- ra -----

*lagarta ----- bufo real ----- coello ----- tarántula -----

7. A SEMPREVIVA ROSA é unha planta en perigo de extinción que crece no deserto de Tabernas.

*Que quere dicir iso?

*Cales son as razóns polas que unha especie pode estar en perigo de extinción?

8. A PALMEIRA é a árbore típica dos oasis do Sáhara. A súa flor é pequecha e rechamante que desprende un cheiro moi agradable co que tenta atraer os insectos.

*Para que necesita atraelos?

*Cal é o órgano reprodutor da maioría das plantas?

*Cales son os órganos da maior parte das plantas?